



## MEMORIA DA ACTIVIDADE E IMPOSIBILIDADE DE CONCORRENCIA E ADQUISIÓN DO ACTIVO INMATERIAL

A Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura e, dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, lingua e Xuventude realiza unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

O CGAC ten entre as súas funcións potenciar e incentivar a creación artística, contribuír a formación técnica e artística, así como propoñer a Consellería a celebración de convenios e concertos con institucións públicas e privadas, art. 3 do Decreto 308/1989, do 28 de decembro, polo que se crea o CGAC; así mesmo o punto 1 da disposición adicional sexta do Decreto 146/2024, do 20 de maio, de regulamentación do CGAC establece que lle corresponde entre os seus obxectivos e funcións, promover o coñecemento e acceso do público a arte contemporánea nas súas diversas manifestacións, establecer relacións de cooperación e colaboración con institucións culturais, e desenvolver accións conxuntas coas entidades citadas que poidan contribuír á mellor realización dos seus respectivos fins e redundar nunha sólida implantación social do CGAC.

A Fundación Es Baluard é unha entidade sen ánimo de lucro tendo como finalidade soste, conservar, expor e promocionar Es Baluard Museu D'ART Contemporani de Palma e a colección que xestiona ademais de realizar exposicións e actividades culturais e educativas complementarias.

Entre as súas actividades ocupa un lugar relevante facilitar a participación de outros axentes na colaboración de actividades mediante as cales se busca contribuír ao enriquecemento da oferta cultural, chegando a un amplo número de participantes e visitantes, atender un amplo espectro de públicos e reforzar a súa imaxe como museo e a súa colección. Con esta iniciativa o museo Es Baluard colabora con outras entidades para favorecer a máxima difusión e alcance das actividades culturais que se realicen nas súas instalacións.

O Convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través do CGAC e a Fundación Es Baluard que conscientes da importancia de achegar a cultura aos cidadáns, teñen un interese común e coincidente, considerando conveniente a colaboración entre as dúas institucións para acoller nas súas sedes a exposición Temporal do artista Jannis Kounellis denominada "Jannis Kounellis.Laberinto sin paredes".

O conxunto da mostra creada para as citadas exposicións, ten un carácter único e específico xa que é deseñada e producida polo propios centros para a súa exhibición na Fundación Es Baluard Museu D'ART Contemporani de Palma e posteriormente no CGAC, coas adaptacións aos espazos correspondentes, logrando beneficiosas condicións.

Tanto a Fundación Es Baluard como o CGAC teñen un interese común en promover a maior divulgación e difusión da citada produción o cal sen dúbida redundará nun maior prestixio tanto da exposición como das partes que subscriben o presente convenio.

Así mesmo, dado a exclusividade do obxecto do convenio e o carácter único da mostra, deseñada e producida polas dúas institucións, e que dispoñen dos dereitos necesarios para súa exhibición e sendo esta unha oportunidade única de ser exhibida en Galicia, e sobre unha das figuras mais importantes do século XX, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo, supoñendo un claro incremento do activo inmaterial intanxible da Comunidade Autónoma de Galicia como valor cultural, tal como sinala o Decreto 308/1989, de 28 de decembro, polo que se crea o CGAC no seu art. 2.c): O CGAC ten por obxecto a realización de mostras de carácter





temporal que se encamiñen a un maior coñecemento da arte contemporánea e perfeccionamento da sensibilidade estética do pobo de Galicia.

Para a realización conxunta da exposición, os gastos comúns ascenden a 95.785,00 (IVE incluído):

- Transportes de concentración en Es Baluard, itinerancia ao CGAC e retorno a orixe das obras de arte: (Alemania/Italia/España/Mallorca/Santiago/España/Italia/Alemania) .....70.785,00 € (IVE incluído).
- Realización de 800 exemplares da publicación da exposición en castelán e inglés .....25.000,00 € (IVE incluído).

A Consellería e a Fundación Es Baluard soportarán cada un a metade destes gastos comúns.

A consellería aboará o 50% correspondente á empresa prestadora do servizo de transporte de concentración en Es Baluard, itinerancia ao CGAC e retorno a orixe das obras de arte: (Alemania/Italia/España/Mallorca/Santiago/España/Italia/Alemania) por unha cantidade máxima de 35.392,50 €, (ive incluído) o que representa o 50% do importe arriba indicado con cargo ás anualidades 2025,2026 e 2027, aplicación orzamentaria 13.03.432B.640.2, dos orzamentos da Xunta de Galicia, de acordo coa seguinte desagregación:

- Ano 2025: 16.093,00 € en concepto do transporte de concentración das obras de arte.
- Ano 2026: 7.408,23 € en concepto do transporte de Itinerancia das obras de arte de Mallorca a Santiago de Compostela
- Ano 2027: 11.891,27 € en concepto de transporte a orixe das obras de arte.

A Consellería aboará á Fundación Es Baluard o 50 % do importe correspondente á realización de 800 exemplares da publicación da exposición en castelán e inglés, na anualidade e polo importe seguinte:

- Ano 2026: 12.500,00 € en concepto de realización dos 800 exemplares do catálogo.

Cada unha das partes sufragará individualmente o importe das actuacións derivadas da execución do convenio de colaboración no seu respectivo ámbito expositivo, en concreto, cada parte sufragará:

- Seguro cravo a cravo. As partes contratarán unha póliza de seguros, sen franquicia, a todo risco de acordo co seguinte: A Fundación Es Baluard asegurará as obras de arte dende o seu punto de orixe ata a súa sede e durante todo o tempo de exposición e desmontaxe. O CGAC, nas mesmas condicións, asegurará as obras desde a súa recollida na Fundación Es Baluard ata a súa chegada ao CGAC así como durante todo o tempo de exposición e a súa devolución a orixe aos prestadores en Alemania, Mallorca e Milán.
- Almacenamento adecuado das caixas de embalaxe baleiras e doutros accesorios de embalaxe durante cada exposición.
- Servizo de Montaxe e Desmontaxe para a adaptación da exposición a cada sede.
- Gastos de participación, viaxes e aloxamento do comisario así como do asesor artístico e da viúva do artista, principais prestadores da obra.
- Gastos de participación, viaxes e aloxamento dun correo e/ou asistente do estudo de Jannis Kounellis.
- Deseño, adaptación e produción do material gráfico e divulgativo da exposición, publicidade, programa de actividades, relacións públicas, acto de inauguración. A fundación Es Baluard





facilitará ao CGAC os textos xerais que poidan utilizarse na súa sede e as súas traducións/revisións (español e inglés), as fichas técnicas, imaxes e comunicación.

- As traducións a catalán e galego.
- Seguridade da exposición.
- Servizo de mensaxería.
- Dereitos de reprodución nos materiais de difusión do centro así como na web, redes sociais ou calquera outro tipo de soporte.

As achegas económicas realizadas polas partes só cobren os gastos de realización da exposición sen que ningunha das partes obteña ningún tipo de beneficio industrial ou comercial.

Por todo o exposto anteriormente, estas son as causas que motivan a non procedencia dunha convocatoria pública de libre concorrència para o desenvolvemento das actuacións contempladas. Por todo isto expídese a presente aos efectos previstos no artigo 19.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica  
O director xeral de Cultura  
Anxo M. Lorenzo Suárez

